



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E O INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA PARA OPTIMIZAR AS ESTATÍSTICAS NO ÁMBITO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

Antecedentes

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, na súa disposición adicional terceira, autorizou a creación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) e foi creada mediante o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos. Este decreto regula tanto as súas competencias e funcións como as súa organización e estrutura, o réxime do seu persoal, o réxime económico-financeiro e patrimonial, así como os principios que a orientarán na súa actuación.

A AMTEGA, adscrita á Consellería de Facenda e Administración Pública, é responsable de executar a operación estatística “Galicia dixital: sistema de indicadores”, consolidada na Lei 16/2021, do 20 de decembro, do Plan galego de estatística 2022-2026 e incluída nos decretos dos programas anuais que a desenvolven, e faino a través do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (en adiante OSIMGA), creado por Decreto 21/2010, do 4 de febreiro, modificado por Decreto 57/2013, do 11 de abril, e adscrito á AMTEGA pola disposición adicional décima do Decreto 252/2011, do 15 de decembro.

O obxectivo deste sistema de indicadores é recoller todas as variables relevantes para analizar a repercusión das medidas adoptadas sobre tecnoloxías da información e da comunicación nos ámbitos dos fogares, das empresas e das administracións. A este obxectivo súmase o de colaborar para xerar información estatística sobre ciberseguridade nas empresas.

De acordo coa la Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia , a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e o Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do





IGE, o IGE é un organismo adscrito á Consellería de Facenda e Administración Pública cuxa finalidade é dirixir e coordinar a actividade estatística no ámbito competencial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Como integrantes da organización estatística de Galicia, o IGE e os órganos estatísticos sectoriais dos departamentos da Xunta de Galicia deben desenvolver as súas actuacións dentro do marco establecido pola normativa autonómica na materia, recollida na Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia e na Lei 16/20215/2016, do 20 de decembro, do Plan galego de estatística 2022-2026.

De acordo co exposto e para optimizar a recollida e a elaboración da información, actuando baixo os principios que deben orientar a xeración de estatísticas públicas, particularmente os de adecuación dos recursos, comparabilidade e carga non excesiva para os informantes, a AMTEGA e o IGE acordan a elaboración dun convenio de colaboración que establezca estas actuacións.

Razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos

O obxecto do convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a AMTEGA e o IGE coas finalidades de:

I. Elaborar Indicadores sobre a sociedade da información nos ámbitos dos fogares e das empresas:

- No ámbito dos fogares, integrar os indicadores sobre sociedade información na Enquisa Estrutural a Fogares (en adiante EEF) do IGE, que se realizará a través de dúas vías:

- Con carácter anual, recollerase na EEF un conxunto de indicadores.

- Coa frecuencia que se acorde entre ambos organismos e cando menos cada cinco anos, recollerase información máis detallada nun módulo específico da EEF.

- No ámbito das empresas, aproveitar a información da Enquisa sobre o uso de TIC e comercio electrónico nas empresas do Instituto Nacional de Estatística (en adiante INE). Este aproveitamento realizarase a través do IGE e o colectivo analizado incluirá as empresas con sede en Galicia e as sediadas fóra de Galicia con establecementos emprazados no seu territorio. Así mesmo, a colaboración permitirá actualizar anualmente o sistema de indicadores da sociedade da Información de Galicia.





II. Levar a cabo unha enquisa sobre ciberseguridade nas empresas, para o que será necesario establecer de mutuo acordo unha metodoloxía que inclúa, cando menos, os obxectivos, o marco da investigación, os cuestionarios de recollida de información e o plan de difusión.

Financiamento

As actuacións previstas neste convenio non xerarán custos nin darán lugar a contraprestacións financeiras entre as partes asinantes.

Santiago de Compostela,
O xerente da Amtega
José Luis Somoza Digón

